

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 22 DE XANEIRO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES

LIC/242/2004.- Souto – Comavi, S.A.- Modificación da licenza de obras de edificación para construción dun edificio de 24 vivendas de V.P.A., locais, garaxes e trasteiros na parcela 2M3 do SUNP-15 de Pontepreda.

LIC/612/2006.- José Antonio Mogo Sende.- Legalización das modificacións executadas na edificación sita no lugar de Outeiro de Marrozos nº 7.

LIC/2348/03 e LAP/45/2004.- Hostal San Lázaro, S.L.- Licenza de obras para reforma das plantas 1ª e 2ª e construción de tramo de soto e licenza de apertura para hotel de dúas estrelas na rúa do Valiño nº 1.

PARCELACIÓNS – SEGREGACIÓNS

LIC/2063/2006.- Francisco Ángel Quintáns Rosende.- Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Codesedas nº 22 – Figueiras (+).

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/2352/2006.- Andrea Fabiana Gómez Varela.-.....Expte. 2174/02.....2.460 euros.

OCiHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/ 1728/2006.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Restauración da Capela Xeral das Animas.- Rúa Casas Reais .-

LIC/ 1448/2006.- FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN.- Reforma do Centro de Supercomputación de Galicia.- Na Avda. de Vigo s/n (CESGA).-

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Denégase unha solicitude.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse inicialmente axudas para seis vivendas. Apróbanse definitivamente axudas para cinco vivendas e dous locais comerciais.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdese apoiar expresamente o proxecto empresarial de Antuzia Carla de Abreu como iniciativa local de emprego. O apoio consistirá na autorización do uso de instalacións do Centro de Formación Ocupacional de Sanxuáns, en Aríns, para actividades formativas.

7.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural para a participación na protección de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección.

Apróbase o Convenio de colaboración.

8-111.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e orzamentos relativa a bonificacións en varios impostos.

Concédese as diversas bonificacións e exención solicitadas.

112.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa ao recoñecemento de responsabilidade patrimonial derivada do outorgamento dunha licenza.

Acórdase revocar a licenza concedida a José Budiño Fernández, na rúa de Churruchao, s/n, na Rocha, e a terminación convencional do expediente de responsabilidade patrimonial. Fíxase unha indemnización por danos e perdas por 60.012 euros.

113.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e modificacións a incorporar na aprobación definitiva do Estudio de detalle dos quinteiros 1-3-8 do Plan parcial do solo urbanizable número 7 (SUP-7) de Ponte Pedriña.

Acórdase incorporar ao estudo de detalle a modificación proposta por EMUVISSA en relación coa ampliación do fondo edificable no quinteiro 1 a 12 metros. A modificación proposta someterase a un novo trámite de información pública, por prazo de vinte días. Simultaneamente citarase persoalmente aos propietarios afectados e, en particular, aos dos terreos colindantes edificados con fronte á rúa do Restollal.

114.- Revisión do prezo da Asistencia técnico-xurídica a urbanismo sobre expediente de reparcelación e compensación máis prórroga.

Acórdase a devandita revisión segundo a variación do IPC.

115.- Adxudicación do Servizo de dinamización de escolas rurais de Compostela. Ludoteca Itinerante TROULARTE 2007.

Adxudícase o servizo a Xandobela-Xestión e Dinamización cultural, por un importe de 11.134 euros.

116.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación para a Coordinación e dinamización dos espazos de lectura e xogo, dinamización a través de talleres e animación de aulas e espazos integrados na rede sociocultural municipal.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 538.764 euros.

117.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión dunha subvención a un club para financiar a COPA DE EUROPA DE CLUBES CAMPIÓNS DE COPA DE FÚTBOL SALA.

Concédese unha subvención ao Club Lobelle de Santiago como organizador do evento por valor de 62.800 euros.

118.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación dos gastos e ingresos das actividades do 1º trimestre de 2007 da rede sociocultural.

Apróbase a proposta de gastos (73.500 euros) e de ingresos (20.819) para os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2007.

119.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de diversos gastos en materia de axudas sociais.

Autorízase un novo desglose interno da partida orzamentaria de subvencións non nominativas.

120.- Aboamento por prestacións de servizos extraordinarios e gratificacións.

Acórdase o devandito aboamento, por un total de 22.298 euros.

121.- Dar conta da concesión dunha axuda para o programa CIDADES SINGULARES NO MARCO DO PLAN AVANZA.

Dáse conta da concesión da axuda, por un importe 249.250 euros.

122.- Dar conta da sinatura do convenio coa Deputación da Coruña para o mantemento do servizo de normalización lingüística.

Dáse conta da sinatura do convenio, por unha cantidade de 12.000 euros en dous prazos.

123.- Dar conta da adenda ao convenio de colaboración entre a Fundación para o desenvolvemento da Comarca de Santiago e o Concello para o cofinanciamento do proxecto Traslatic II "Herdanza cultural do camiño Portugués" no marco da iniciativa comunitaria III A.

Dáse conta da devandita adenda.

URXENCIAS:

1.- Aprobación do proxecto básico e de execución das obras de reforma do campo de fútbol Santa Isabel (2ª fase), prego de condicións e inicio do expediente de contratación, cun presuposto de 368.290,72 euros.

2.- Autorización para a contratación dun estudo de implantación dun sistema de xestión de calidade no servizo de Xestión, Recadación e Inspección do Concello, por 11.832 euros, á empresa OBZ Calidad y Normalización.